

Bases Legais

BASES LEGAIS PROMOCIÓN QUE TE LEVARÍAS?

1.- COMPAÑÍA ORGANIZADORA

GADISA RETAIL, S.L.U., con domicilio social no Polígono de Piadela, s/n, 15300 Betanzos, A Coruña, levará a cabo un sorteo chamado "Promoción Camisetas Por un Futuro Á Galega" a través das súas redes sociais de Vivamos como Galegos, que se desenvolverá conforme ao establecido nas presentes bases.

2. DURACIÓN E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O concurso é válido en todo o territorio español. Os premios serán enviados pola empresa Gadisa Retail, S.L.U. ao enderezo do supermercado GADIS ao que os gañadores queiran que se realice o envío. A data de comezo do concurso será o 4 de novembro de 2016 ás 22:00 e finaliza o 27 de novembro de 2016 ás 23:59 horas.

3. REQUISITOS E MECÁNICA DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar na Promoción todas as persoas físicas maiores de 18 anos con residencia en España, que sexan seguidores do perfil oficial de Twitter e/ou Instagram de Vivamos Como Galegos e que participen cun perfil de usuario real (non son válidas as contas concurso).

- Twitter: @vivamos_galegos
- Instagram: @vivamos_galegos

O usuario participará, a través dos perfís de Twitter @vivamos_galegos e de Instagram @vivamos_galegos, publicando no seu perfil persoal a resposta á pregunta ***Que te levarías a un planeta por un futuro á galega?*** coa etiqueta #PorUnFuturoÁGalega e nomeando a nosa conta dependendo da rede social na que participe.

A participación no sorteo supón a cesión e autorización expresa de todos os dereitos de propiedade intelectual e de imaxe sobre as participacións, de xeito que o participante lle cede á empresa Gadisa Retail, S.L.U todos os dereitos de explotación de natureza intelectual, industrial e/ou de imaxe que puidesen corresponderlle polas participacións enviadas para participar no concurso.

4. SORTEO E PREMIOS

Regalaranse 96 camisetas. A elección destes 96 gañadores será realizada por sorteos semanais, seleccionando 32 gañadores cada semana (16 en Twitter e 16 en Instagram) na plataforma Random.org. Estes sorteos celebraranse cada luns seguinte a cada unha das 3 semanas que comprende a acción, exceptuando a primeira semana, que comprende dende o 4 de novembro ata o 13 do novembro. Por conseguinte, celebraranse:

- O luns día 14 de novembro de 2016, correspondente ao concurso do período do venres 4 de novembro de 2016 ao domingo 13 de novembro de 2016, ambos inclusive.

- O luns día 21 de novembro de 2016, correspondente ao concurso da semana do luns 14 de novembro de 2016 ao domingo 20 de novembro de 2016, ambos inclusive.

- O luns día 28 de novembro de 2016, correspondente ao concurso da semana do luns 21 de novembro de 2016 ao domingo 27 de novembro de 2016, ambos inclusive.

Os premios serán enviados pola empresa Gadisa Retail, S.L.U. ao supermercado GADIS indicado polo gañador. Tan só se poderá gañar unha camiseta por participante.

Os premios son persoais e intransferibles, non poderán trocarse polo seu valor en metálico nin por outro produto ou servizo distinto. Os premios recolleranse no supermercado Gadis indicado polos gañadores.

Os premios poden sufrir cambios e, no seu defecto, entregaranse outros premios de similar importe. O gañador ten dereito a renunciar ao premio. Non obstante, non poderá, en ningún caso, trocalo polo seu valor económico.

5. COMUNICACIÓN: GAÑADORES

A comunicación aos gañadores farase os días de realización dos sorteos indicados no punto anterior a través de:

- a publicación nas redes sociais de Vivamos Como Galegos dunha ligazón co nome dos gañadores.

Os gañadores terán que poñerse en contacto con nós a través de mensaxe privada e deben de responder coa aceptación do premio, co nome completo, DNI, móbil, e co enderezo do supermercado GADIS ao que queren que se realice o envío do premio, ademais de indicar a talla da camiseta.

Se algún dos gañadores non responde antes de 7 días despois da comunicación dos gañadores, o premio quedará deserto, perdendo o gañador o seu dereito a reclamálo.

Os gañadores consenten en que o seu nome apareza publicado nos medios que GADISA RETAIL, S.L.U. estime oportunos con motivo deste concurso. Os gañadores comprométese formalmente a enviar unha imaxe do gozo do seu premio para que esta poida ser utilizada

para promover os seus concursos en redes sociais. Os usuarios que gañen o seu premio a través da plataforma Twitter ou Instagram deberán subir a fotografía a esta rede social, mencionando e etiquetando os perfís oficiais de Vivamos como Galegos.

6. DESVINCULACIÓN DE TWITTER E INSTAGRAM

As plataformas Twitter e Instagram non patrocinan, avalan nin administran de modo ningún esta promoción, nin están asociadas a ela. O usuario é consciente de que está a proporcionarlle a súa información á empresa GADISA RETAIL, S.L.U. e non a Twitter ou Instagram. A información que proporcione utilizarase para xestionar a participación do concursante e comunicarlle o premio, pasando esta con posterioridade a formar parte da base de datos da empresa para futuras accións comerciais.

7. ACEPTACIÓN DAS BASES

A simple participación no concurso implica a aceptación das presentes bases, polo que a manifestación no sentido de non-aceptación da totalidade ou parte das mesmas implicará a exclusión do participante e, como consecuencia disto, GADISA RETAIL, S.L.U. quedará liberada do cumprimento da obriga contraída co participante.

8. RESERVAS E LIMITACIÓNS

A empresa Gadisa Retail, S.L.U. queda eximida de calquera responsabilidade no suposto de que exista algún erro nos datos facilitados polos propios agraciados que impedisese a súa identificación. Igualmente, non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos ou calquera outra circunstancia imputable a correos que poidan afectar o envío dos premios.

A empresa Gadisa Retail, S.L.U. resérvase o dereito de emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen calquera tipo de acto susceptible de ser considerado manipulación ou falsificación do concurso.

A empresa Gadisa Retail, S.L.U. exclúe calquera responsabilidade por danos e perdas de toda natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade do funcionamento dos servizos mediante os que se participa na promoción, á defraudación da utilidade que os usuarios lles puidesen atribuír a estes, e, en particular, aínda que dun modo exclusivo, aos fallos no acceso ás distintas páxinas e envíos de respostas de participación a través da Internet.

A empresa Gadisa Retail, S.L.U. resérvase o dereito a efectuar cambios que redunden no bo fin do concurso cando concorran causas xustas ou motivos de forza maior que impidan levalo a termo na forma en que recollen as presentes bases.

A empresa Gadisa Retail, S.L.U. resérvase o dereito a aprazar ou ampliar o período do

concurso, así como a facultade de interpretar as presentes bases legais.

Así mesmo, a empresa organizadora quedará exenta de toda responsabilidade se concorrese algún dos casos sinalados, así como de calquera responsabilidade polos danos e perdas que puidesen ocasionarse durante o gozo do premio.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

Informámoslle que os datos de carácter persoal que Vostede nos proporcione, formarán parte do ficheiro "VIVAMOS COMO GALEGOS" titularidade de GADISA RETAIL S.L.U. e serán tratados coa finalidade de xestionar o desenvolvemento da presente promoción e a entrega dos premios obtidos.

Informámoslle que os seus datos poderán ser cedidos temporalmente aos nosos establecementos pertencentes a outras empresas do grupo GADISA para meros efectos de identificación e entrega física dos premios.

Vostede poderá exercer en calquer momento os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, así como revogar o consentimento prestado para a recepción de comunicacións comerciais, a través da seguinte dirección de correo electrónico: administrador@vivamoscomogalegos.com indicando no asunto "Promoción Camisetas Por un Futuro Á Galega".